



AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

Curso 2023/2024

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO:

- Destinatarios: alumnos que o vindeiro curso 2023/2024 cursen 1º e 2º de Educación Primaria.

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR:

- Destinatarios: alumnos que o vindeiro curso 2023/2024 cursen Educación Primaria.

FONDO SOLIDARIO (banco de libros):

- Destinatarios: alumnado que o vindeiro curso 2023/2024 cursen 3º e 4º de Educación Primaria.
- O alumnado que foi beneficiario este curso do fondo de libros deberán devolver os libros antes do 21 de xuño seguindo as indicacións do titor. De non ser así perdería o dereito a estas axudas.
- **5º e 6º de primaria non entrará no Fondo Solidario porque están dentro do proxecto EDIXGAL** no que cada alumno terá un portátil de empréstamo e material dixital de balde, só se poderán solicitar as axudas do punto anterior para adquirir material. EDIXGAL xa está concedido para todos (non é necesario facer nada por agora).

As familias poderán solicitar estas axudas ata o **mércores 21 de xuño**, cubrindo os anexos I e II (unha única solicitude por familia, incluíndo nela a todos os alumnos matriculados en Educación Primaria neste Centro) e entregando a seguinte documentación:

- Fotocopia do **Libro de Familia** no que figuren todos os membros da unidade familiar - tódalas páxinas escritas. No caso de non telo, **certificado de convivencia** ou **Informe** de Servizos Sociais.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar, ademais, a **sentenza xudicial** e/ou **convenio regulador** onde conste a atribución da custodia do menor.
- No caso de discapacidade do alumno, do solicitante ou dalgún membro da Unidade Familiar: **resolución do INSS** da Seguridade Social de recoñecemento da pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez. A data de referencia é 31/12/2021.
- Resolución xudicial de **incapacitación con patria potestade** prorrogada ou rehabilitada.
- Documentación acreditativa no caso de **violencia de xénero**.
- Resolución administrativa ou xudicial do **acollemento**.
- **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de **DNI e NIE**.

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Atendendo ás indicacións da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a solicitude pode facerse de 3 maneiras, preferiblemente, pola opción 1 (vía telemática).

1. Na aplicación **FONDOLIBROS** e, unha vez cuberta e gardada, a través da **Sede Electrónica da Xunta de Galicia**.
2. Na aplicación **FONDOLIBROS** e, unha vez cuberta e gardada, imprimírase e presentárase no **Colexio. LUNS (16:30 – 18:00) e MÉRCORES (16:30 – 18:00)**
3. **Na oficina do Colexio. LUNS (16:30 – 18:00) e MÉRCORES (16:30 – 18:00)**

Máis información no [DOG do venres 19 de maio / Orde do 10 de maio de 2023](#)